**ACTA SESIÓN Ordinaria DO CONCELLO PLENO**
**29 DE XANEIRO DE 2024**

**<u>Srs./ Sras. Asistentes</u>:**

**<u>Sr. Alcalde-Presidente</u>:**
Dona Sandra Insua Rial (PSOE)
**<u>Sres. Concelleiros</u>:**
Dona Encarnación Liñeiro Pouso (PSOE)
Don Sergio Caamaño Fernández (PSOE)
Dona Begoña Tajes Méndez (PSOE)
Don Germán Camiño Mouzo (PSOE)
Dona Rosa Ana Barbeira Fandiño (PSOE)
Don José Francisco Carril Ageitos (PSOE)
Don Fabián Canosa Pasantes (PSOE)
Dona Paula Mouzo Mas (PP)
Don Juan Carlos Sambade Amado (PP)
Don Manuel Mejuto Rios (PP)
Dona Marta Mª Mouzo Pose (PP)
Don Xurxo M. Rodriguez Baña (BNG)

**<u>Secretaria</u>:**
Dona Eva Jardón López.

**<u>Interventora:</u>**
Dona MªEmilia Garcia Maneiro

En Camariñas, sendo as 19:25 horas do 29 de xaneiro de 2024 e previamente convocados, reúnense en primeira convocatoria baixo a Presidencia da Sra Alcaldesa dona Sandra Insua Rial, e asistida da Secretaria da Corporación dona Eva Jardón López, os



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, e a interventora da Corporación, dona Maria Emilia Garcia Maneiro, ao obxecto de celebrar **sesión Ordinaria.**

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, o Sra. Alcaldesa-Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é o seguinte:

**ORDE DO DIA**

**PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS**

1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de data 23 de novembro de 2023.

2º. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria de data 28 de decembro de 2023.

3º. Participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único Concellos) POS+2024.

4º. Aprobación do POS+ADICIONAL 1/2024 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios. POS+ADICIONAL 1/2024.

5º. Cambio de denominación da praza técnico deportivo.

6º. Aprobación provisional do establecemento do IIVTNU e aprobación de Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

7º. Acordo provisional de delegación na deputación provincial da Coruña da xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

8º. Expediente de modificación de créditos 1/2024.

9º. Mocións de urxencia.

**PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO**

10º. Decretos da Alcaldía: Do Decreto Nº 944/2023 do 20 de novembro de 2023 ao Decreto 58/2024 do 23 de xaneiro de 2023.

11º. Rogos e preguntas.

## PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

**1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de data 23 de novembro de 2023.**

Ningún dos concelleiros ten observacións polo que a acta enténdese APROBADA de



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)
CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

conformidade co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

**2º. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria de data 28 de decembro de 2023.**

Ningún dos concelleiros ten observacións polo que a acta enténdese APROBADA de conformidade co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

**3º. Participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único Concellos) POS+2024.**

A Alcaldesa explica o ditame  e sinala que no mesmo, na páxina dous, no apartado B) Financiamento de investimentos onde di *"ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles) Subtotal investimentos achega provincial 2022"* debe dicir *"Subtotal investimentos achega provincial 2023"* polo que se rectifica o acordo, quedando o mesmo como se transcribe a continuación:

***"EXPTE TEDEC: 2023/A008/000048***

***PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2024".***

*Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) "POS+ 2024", aprobadas polo pleno da Deputación Provincial de A Coruña, con data 24 de novembro de 2023.*

*Vistos os distintos informes emitidos polos servizos municipais, necesarios segundo as bases reguladoras para completar o expediente.*

*Considerando que o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal constitúe un instrumento fundamental para o normal e correcto funcionamento dos servizos municipais posto que a contía asignada a gasto corrente supón un financiamento fundamental para os servizos públicos obrigatorios, que permite a redución do endebedamento do concello cos provedores e entidades financeiras e que os investimentos propostos contribúen*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*a mellorar a calidade de vida dos veciños do concello respectando as exixencias de estabilidade e sustentabilidade financeira.*

*Considerando as cantidades asignadas a este Concello, a finalidade e o obxecto do Plan así como as demais instrucións contidas na circular do "POS+ 2024", é polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:*

***Primeiro.-*** *"Participar no* ***Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024"*** *da Deputación Provincial da Coruña****,*** *cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2024" e con cargo á "achega provincial 2023:*

***A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024****:*

| | **Deputación** |
|---|---|
| *Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes* | *172.882,13* |
| *Achega provincial 2023 (Excepción da Base 2.1 final)* | *0,00* |
| ***Subtotal gasto corrente*** | *172.882,13* |

***B) Financiamento de investimentos:***

| ***ACHEGA PROVINCIAL 2024*** | ***FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO*** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ***Denominación da obra ou subministración*** | ***Deputación*** | ***Concello*** | | | ***Orzamento total*** |
| | | ***Achega municipal*** | ***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)*** | ***Total Concello*** | |
| | | | | | |
| ***Subtotal investimentos achega provincial 2024*** | *0,00* | *0,00* | *0,00* | *0,00* | *0,00* |

| ***ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)*** | ***FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO*** | | |
|---|---|---|---|
| | | ***Concello*** | |



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| *Denominación da obra ou subministración* | *Deputación* | *Achega municipal* | *IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)* | *Total Concello* | *Orzamento total* |
|---|---|---|---|---|---|
| *Reparación da cuberta da Casa do Mar de Camelle* | *134.071,86* | *0,00* | *0,00* | *0,00* | *134.071,86* |
| ***Subtotal investimentos achega provincial 2023*** | *134.071,86* | *0,00* | *0,00* | *0,00* | *134.071,86* |

*Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.*

| ***C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)*** | ***Deputación*** |
|---|---|
| *Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda* | *(* |
| *Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda* | |
| ***Subtotal redución da débeda do concello coa deputación*** | *(* |

***D) Resumo:***

| | | | ***Concello*** | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ***POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO*** | | ***Deputación*** | ***Concello*** | ***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)*** | ***Total concello*** | ***Orzamento Total*** |
| ***A - GASTOS CORRENTES*** | ***Achega 2024*** | *172.882,13* | | | | *172.88* |
| | ***Achega 2023 (Excep. Base 2.1)*** | *0,00* | | | | *(* |
| ***B - INVESTIMENTOS*** | ***Achega 2024*** | *0,00* | *0,00* | *0,00* | *0,00* | *(* |
| | ***Achega 2023*** | *134.071,86* | *0,00* | *0,00* | *0,00* | *134.07* |
| ***C - REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN*** | ***Achega 2024*** | *0,00* | | | | *(* |
| | ***Achega 2023*** | | | | | |
| ***D - TOTAL*** | ***Achega 2024*** | *172.882,13* | *0,00* | *0,00* | *0,00* | *172.88* |
| | ***Achega 2023*** | *134.071,86* | *0,00* | *0,00* | *0,00* | *134.07* |
| | ***TOTAL*** | *306.953,99* | *0,00* | *0,00* | *0,00* | *306.95* |

***Segundo.-*** *Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:*

| ***Denominación dos investimentos financeiramente sostibles*** <br><br> ***(mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)*** | ***(A)*** <br> **Orzamento contrata** <br> ***(encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)*** | ***(B)*** <br> ***IVE soportado deducible*** <br> ***(encher esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)*** | ***(C)= A-B*** <br> ***Orzamento subvencionable*** <br> ***(Diferenza entre a columna A e a B)*** |
|---|---:|---:|---:|
| *Reparación do pavimento na rúa Carreira* | *0,00* | *0,00* | *48.399* |
| *Construción de Senda Peonil a Lingunde Fase II* | *0,00* | *0,00* | *70.506* |
| *Arranxo e mellora de rúas no Lugar de Santa Mariña* | *0,00* | *0,00* | *68.700* |
| *Arranxo das rúas Fonte e Xunqueira e melloras na rede de saneamento en Ponte do Porto* | *0,00* | *0,00* | *146.500* |
| *Humanización das rúas alcalde Noguera Patiño e Médico Tomás Artaza* | *0,00* | *0,00* | *162.528* |
| ***TOTAIS*** | *0,00* | *0,00* | *496.634* |

***Terceiro.-*** *Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

***Cuarto.-*** *Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2024 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.*

***Quinto.-*** *Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.*

***Sexto.-*** *Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***Sétimo.-*** *Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

***Oitavo.-*** *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

A Alcaldesa pregunta aos concelleiros se teñen algo que dicir.

Toma a palabra don Xurxo para reiterar o que xa dixo en Comisión, que se pida ao SERGAS que poña a parte que lle corresponde, xa que é un ben que eles tamén utilizan. A sra. Alcaldesa di que prefire non mover as cousas dos centros médicos e que asumen eles o gasto, xa que non quere que poidan marchar co centro de sáude de Camelle.

Toma a palabra dona Paula para dicir que nunca contan con eles para pedir opinión ou para ver se teñen algunha idea que poida ser válida, pero entenden que todas as obras son necesarias e que co seu voto non as impedirán, pero que van absterse. A sra. Alcaldesa contesta que eles teñen en conta o que aportan a través de rogos ou preguntas e xa teñen en conta as necesidades.

Non habendo máis debate, procédese á votación co seguinte resultado:

**Votación**

Votos a favor: 8

0 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra:

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 5

1 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWggq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

**4º. Aprobación do POS+ADICIONAL 1/2024 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios. POS+ADICIONAL 1/2024.**

A Sra. Alcaldesa explica o ditame que a continuación se transcribe.

***"APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2024 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS. "POS+ ADICIONAL 1/2024".***

***EXPTE TEDEC: 2024/A008/000002***

*Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (**Plan** único de Concellos) "POS+ 2024", aprobadas polo pleno da Deputación Provincial de A Coruña, con data 24 de novembro de 2023.*

*Visto que xunto co POS+ 2024 regúlase simultaneamente un POS+ ADICIONAL 1/2024 para o financiamento de **gastos sociais extraordinarios**, que será xestionado pola Sección de Servizos Sociais da Deputación.*

*Vistos os distintos informes emitidos polos servizos municipais, necesarios segundo as bases reguladoras para completar o expediente.*

*Considerando que o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal constitúe un instrumento fundamental para o normal e correcto funcionamento dos servizos municipais.*

*Considerando as cantidades asignadas a este Concello, a finalidade e o obxecto do Plan así como as demais instrucións contidas na circular do "POS+ AD 1/2024", é polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:*

***Primeiro.-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2024" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de **gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:*

| | |
|---|---|
| ***Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024*** | ***49.394,89 €*** |

| ***GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024<br><br>GASTO CORRENTE*** | ***PREVISIÓN DE GASTOS 2024*** | ***ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS*** | ***ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO*** | ***PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024*** | ***OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO*** |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(A)* | *(B)* | *(C=A-B)* | *(D)* | *(E=C-D)* |
| *a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.* | | | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* |
| *b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.* | | | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* |
| *c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras.* | *49.394,89 €* | *0,00 €* | *49.394,89 €* | *49.394,89 €* | *0,00 €* |



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.* | | | | | |
| *d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* |
| *e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* |
| *f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* |
| *g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* |



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.* | | | | | |
| *h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* |
| ***SUBTOTAL GASTOS CORRENTES*** *Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación* | ***49.394,89 €*** | ***0,00 €*** | ***49.394,89 €*** | ***49.394,89 €*** | ***0,00 €*** |

| ***GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024*** <br> ***INVESTIMENTO*** | ***PREVISIÓN DE GASTOS*** <br> *(A)* | ***ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS*** <br> *(B)* | ***ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO*** <br> *(C=A-B)* | ***IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024*** <br> *(D)* | ***OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO*** <br> *(E=C-D)* |
|---|---|---|---|---|---|
| *i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* |
| *j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* |
| ***SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO*** | ***0,00 €*** | ***0,00 €*** | ***0,00 €*** | ***0,00 €*** | *0,00 €* |

| | ***PREVISIÓN DE GASTOS*** | ***ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS*** | ***ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO*** | ***IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024*** | ***OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELL*** |
|---|---|---|---|---|---|



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWqgq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | ***O*** |
| ***TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024*** | ***49.394,89 €*** | ***0,00 €*** | ***49.394,89 €*** | ***49.394,89 €*** | ***0,00 €*** |

| | |
|---|---|
| ***I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES*** | ***49.394,89 €*** |
| ***II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)*** | ***0,00 €*** |
| ***III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)*** | ***0,00 €*** |
| ***TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)*** | ***49.394,89 €*** |

***Segundo.-*** *Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.*

***Terceiro.-*** *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente".*

Non habendo debate procédese á votación co seguinte resultado:

**Votación**

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra:

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións:

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**5º. Cambio de denominación da praza técnico deportivo.**

A sra. Alcaldesa explica el ditame que a continuación se transcribe e que o cambio de denominación ven motivada pola subvención da Deputación para técnicos deportivos que este ano cambiou as bases.

*“**PROPOSTA ALCALDÍA***

***ASUNTO:** CAMBIO DE DENOMINACIÓN DA PRAZA TÉCNICO DEPORTIVO*

***EXPEDIENTE TEDEC Nº:** 2024/X999/000036*

*Visto que na RPT recóllese una praza como monitor coordinador de deportes, cuxas funcións recollidas na RPT son as seguintes:*

- *Planificación, programación e control da actividade deportiva municipal.*
- *Xestión e supervisión de todos os centros deportivos municipais.*
- *Coordinación coas empresas concesionarias que realizan as actividades e supervisión de ditas actividades.*
- *Asistencia aos eventos deportivos organizados polo Concello cando así se o requira.*
- *Planificación e organización de viaxes e excursións de carácter deportivo*
- *Xestión técnica e administrativa das subvencións municipais e deportivas individuais.*
- *Inventario do material deportivo e solicitude do material necesario.*
- *Control de horarios, coordinación de actividades e actualización de paneis informativos.*
- *Tramitación de subvencións e axudas relacionadas coas actividades do posto.*
- *Control e acopio de material.*
- *Traballo administrativo derivado das suas funcións.*
- *Calquera outra, relacionada co posto de traballo, que lle encomende o superior xerárquico.*

***Visto que en ditas funcións non se recollen ás actividades de monitor (impartición de clases,...), e visto que polo tanto existe unha discordancia entre a denominación do posto de traballo e as funcións asignadas na RPT.***



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Visto que existe acordo dos representantes sindicais do Concello, así como acordo do traballador afectado.*

*Esta Alcaldía, en uso das súas atribucións , Propón o Pleno a adopción do seguinte* ***ACORDO:***

***PRIMEIRO.-*** *Modificar a denominación do posto da RPT, pasando de Monitor-Coordinador deportivo a* ***Técnico Deportivo.***

***SEGUNDO.-*** *Proceder a cambiar a denominación do contrato de traballo do traballador afectado".*

Dona Paula pregunta se aun hai tempo de subsanar, e a sra. Alcaldesa sinala que o luns xa houbo a comisión informativa e que espera que con iso sexa suficiente. Que falou co deputado e que espera que lle solucione.

Non habendo máis preguntas procédese á votación co seguinte resultado:

**Votación**

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra:

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións:4

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

**6º. Aprobación provisional do establecemento do IIVTNU e aprobación de Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de**



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**natureza urbana.**

A Alcaldesa explica o ditame que a continuación se transcribe

***"PROPOSTA ALCALDÍA***

**ASUNTO:** *APROBACIÓN PROVISIONAL DO ESTABLECEMENTO DO IIVTNU E APROBACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA*

**EXPEDIENTE TEDEC Nº:** 2024/G015/000001

*O Real Decreto-Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante, *TRLRHL) dispón no seu artigo 59.2 que os concellos poderán establecer e esixir o Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.*

*Recentemente o Real Decreto-lei 26/2021, do 8 de novembro, adapta o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, de xeito que se establece non someter a tributación as situacións de inexistencia de incremento de valor dos terreos, para elo introduce un novo suposto de non suxeción para os casos en que se constate, a instancia do interesado, que non se produciu un incremento de valor. Polo tanto tamén se modifica o sistema obxectivo de determinación da base impoñible do imposto, para que, de acordo co disposto no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e, no seu caso, a correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado, reflicta en todo momento a realidade do mercado inmobiliario, variándose os anteriormente vixentes porcentaxes anuais aplicables sobre o valor do terreo para a determinación da base impoñible do imposto, por uns coeficientes máximos establecidos en función do número de anos transcorridos desde a adquisición do terreo, que serán actualizados anualmente. Ademais, introdúcese unha regra de salvagarda coa finalidade de evitar que a tributación por este imposto puidese nalgún caso resultar contraria ao principio de capacidade económica, permitindo, a instancia do suxeito pasivo, acomodar a carga tributaria ao incremento de valor efectivamente obtido, convertendo esta fórmula de determinación obxectiva nun sistema optativo que só resultará de aplicación naqueles casos nos que o suxeito pasivo non faga uso do seu dereito a determinar a base impoñible en réxime de estimación directa.*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Convertido este imposto, vista a reforma normativa indicada, nun imposto máis xusto, no que non se procede a gravar aquelas transmisións nas que non existe incremento de patrimonio, e considerando incluír na redacción da ordenanza que se propoña aprobar unha bonificación do 50% da cota íntegra naquelas transmisións realizadas a título lucrativo por causa de morte ( ou figuras asimiladas xurisprudencialmente, como os pactos de mellora) a favor de descendentes, e adoptados ou ascendentes ou adoptantes, sempre e cando o que se transmita sexa a vivenda habitual do finado e que sexa destinada á vivenda habitual do novo titular, parece que o establecemento deste tributo, permitirá manter un nivel de gasto público que garantizará a prestación de servizos de calidade aos nosos veciños, así como a realización de investimentos productivos, que doutro xeito non se poderían acometer.*

*A presente proposta de establecemento do imposto e de aprobación da Ordenanza Fiscal que o regule axústase aos principios de boa regulación no exercicio da potestade regulamentaria previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cúmpríndose os principios de eficacia e eficiencia esixidos para o establecemento da norma que se pretende aprobar , así como a seguridade xurídica e transparencia que quedan garantidos a través do trámite de aprobación provisional, exposición pública e aprobación definitiva.*

*Fixados pola equipa de goberno, dentro da marxe que a lei establece para determinar os elementos do tributo ; coeficientes de aplicación, tipos impositivos, e bonificacións potestativas, respetando o determinado na dita normativa, deixar constancia que se tiveron en conta as recomendacións dadas polos servizos provinciais tributarios, así como se tivo en conta a regulación establecida por outros concellos da provincia, tendo en conta o informe-proposta emitido polo departamento de Tesoureiría e os informes preceptivos de Secretaría e Intervención , proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte ACORDO;*

***PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente a imposición do Imposto sobre o Incremento do Valor de Terreos de Natureza Urbana ( IIVTNU) e a Ordenanza fiscal reguladora do mesmo conforme a redacción que figura como anexo.*

***SEGUNDO.** Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal da sede electrónica, durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro do cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWggq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*alegacións que estimen oportunas. Así mesmo a documentación do expediente estará a disposición das persoas interesadas na sede electróncia.*

***TERCEIRO.*** *Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, con base no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

***CUARTO.*** *Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.*

***ANEXO : ARTICULADO DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO DITO TRIBUTO.***

*Artigo 1º. Feito Impoñible. Supostos de non suxeción*

*1- Constitúe o feito impoñible deste imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana, posto de manifesto como consecuencia da transmisión da propiedade dos mesmos por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio sobre os referidos terreos.*

*2- Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles. En consecuencia con iso, está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos a efectos do devandito Imposto sobre Bens Inmobles, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou no Padrón daquel. Aos efectos deste imposto, estará asimesmo suxeito ao mesmo o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmobles clasificados como de características especiais aos efectos do Imposto sobre Bens Inmobles.*

*3- Non se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións que ao seu favor e en pago de elas se verifiquen e transmisións que se fagan aos cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.*

*Tampouco as transmisións de bens inmobles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial. Así mesmo, non se produce suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de inmobles a título lucrativo en beneficio*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*das fillas, fillos, menores ou persoas con discapacidade suxeitas á patria potestade, tutela ou con medidas de apoio para o adecuado exercicio da súa capacidade xurídica, cuxo exercicio se levara a cabo polas mulleres falecidas como consecuencia de violencia contra a muller, nos termos en que se defina pola lei ou polos instrumentos internacionais ratificados por España, cando estas transmisións lucrativas traigan causa do referido falecemento.*

*4- Non se producirá a suxeición ao imposto nas achegas ou transmisións de ben inmobles efectuadas á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestructuración Bancaria, S.A., así como as achegas ou transmisións realizadas pola mesma, nos termos regulados no artigo 104.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais.*

*5- Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.*

*Para iso, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como achegar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, para estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 106 TRLFL.*

*Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que para estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven as ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.*

*Cando se trate da transmisión dun inmoble no que haxa chan e construción, tomarase como valor do chan para estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de pagamento do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.*

*Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.*

*Na posterior transmisión dos inmobles aos que se refire este apartado, para o cómputo do número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*de aplicación nos supostos de achegas ou transmisións de bens inmobles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado 3 deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.*

*6- Outros que se regulen por normativa con rango de Lei.*

*Artigo 2º. Exencións Obxectivas*

*Están exentos deste Imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia dos actos seguintes:*

*a) A constitución e transmisión de calquera dereitos de servidume.*

*b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado como*

*Conxunto Histórico-Artístico, ou fosen declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación nos devanditos inmobles.*

*A presente exención afectará exclusivamente aos bens incluídos no Plan Especial de Protección e Ordenación do centro histórico-artístico. Para a aplicación da exención deberá acreditarse esta inclusión, así como obter a correspondente licenza para a realización das obras de conservación, mellora ou rehabilitación. As obras deberán terse realizado dentro dos tres anos anteriores á data de devindicación do imposto.*

*Considerarase obra de conservación, mellora ou rehabilitación, cando para esta se tivera solicitado e obtido o título habilitante de natureza urbanística correspondente.*

*Para estes efectos, as obras de conservación, mellora ou rehabilitación de inmobles deberán cumprir os seguintes requisitos:*

*Que a solicitude de exención se presente dentro do prazo de declaración ou autoliquidación e se acompañe proba documental do cumprimento das condicións sinaladas, comprensiva de:*

** Título habilitante de natureza urbanística e os condicionantes que este impoña*

** Certificado final de obras.*

** Acreditación do pagamento da taxa urbanística polo outorgamento da licenza.*

** Acreditación do pagamento do imposto sobre construcións, instalacións e obras.*

*O suxeito pasivo deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias co concello respecto dos tributos que gravan o inmoble en cuestión e presentará declaración respecto de*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*ter realizado ao seu cargo as obras. As transmisións a título lucrativo por herdanza, quedarán por tanto excluídas, agás que o herdeiro xustifique que as obras se fixeran ao seu cargo.*

*c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.*

*Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.*

*Para ter dereito á exención requírese que o debedor ou garante transmitente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumirase o cumprimento deste requisito. Con todo, se con posterioridade comprobásese o contrario, procederase a virar a liquidación tributaria correspondente.*

*Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela en a que figurase empadroado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición se devandito prazo fose inferior aos dous anos.*

*Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. Para estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente rexistrada.*

*Respecto desta exención, non resultará de aplicación o disposto no artigo 9.2 desta Lei.*

*Artigo 3º. Exencións Subxectivas*

*Están exentos deste imposto os incrementos de valor correspondentes cando a obrigación de satisfacer o devandito imposto recaia sobre as seguintes persoas ou Entidades:*

*a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades locais ás que pertenza o Municipio, así como os seus respectivos organismos Autónomos de carácter administrativo.*

*b) O Municipio da imposición e demais Entidades locais integradas ou nas que se integre devandito Municipio e os seus Organismos autónomos de carácter administrativo.*

*c) As Institucións que teñan a cualificación de benéficas ou de benéfico-docentes.*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWggq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*d) As Entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.*

*e) As persoas ou Entidades a cuxo favor se recoñeceu a exención en Tratados ou Convenios Internacionais.*

*f) Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto aos terreos afectos ás mesmas.*

*g) A Cruz Vermella Española.*

*Artigo 4º. Suxeito Pasivo*

*1- É suxeito pasivo do imposto a título de contribuínte:*

*a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a cuxo favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.*

*b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica ou a entidade a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que transmita o terreo ou que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.*

*2- Nos supostos a que se refire a letra b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a cuxo favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.*

*Artigo 5.º Base impoñible*

*1- A base impoñible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos.*

*2- A base impoñible deste imposto será o resultado de multiplicar o valor do terreo no momento da devindicación polo coeficiente que corresponda ao período de xeración conforme aos coeficientes máximos previstos en cada momento pola nomativa vixente nos termos do disposto no artigo 107.4 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*3- O valor do terreo no momento do devengo determinarse segundo as seguintes regras:*

*a) Nas transmisións de terreos, o valor dos mesmos será o que teña fixado en dito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles. Cando o dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflicta modificacións de planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación da ponencia, poderase liquidar provisionalmente o imposto con arranxo a aquel valor. Nestes supostos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se teña obtido consonte aos procedementos de valoración catastral colectiva que se tramiten, referido á data do devengo. Cando a dita data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corrixiranse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ao efecto nas Leis de Presupostos Xerais do Estado ou disposición de rango legal que o regule. Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou estando integrado nun ben inmoble de características especiais, no momento do devengo do imposto non teña determinado valor catastral, o Concello poderá practicar liquidación cando o dito valor sexa determinado, referíndoo á data do devengo.*

*b) Na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos de dominio, as porcentaxes anuais establecidas no art. 107.4 do R. D. Lexislativo 2/2004 aplicaranse sobre da parte do valor definido no apartado anterior que represente, respecto daquel, o valor dos ditos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.*

*c) Na constitución ou transmisión do dereito a elevar unha ou mais prantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito a realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, as porcentaxes anuais contidas no art. 107.4 do R. D. Lexislativo 2/2004 aplicaranse sobre a parte do valor definida no apartado a) que represente, respecto daquel, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das prantas a construír en vó ou subsolo e a total superficie ou volume edificados unha vez construídas aquelas.*

*d) Nos supostos de expropiación forzosa, as porcentaxes anuais contidas no art. 107.4 do R. D. Lexislativo 2/2004 aplicaranse sobre a parte de prezo xusto que corresponda ao valor do terreo, agás que o valor definido no apartado a) anterior fose inferior, pois en tal caso prevalecerá este último sobre o prezo xusto.*

*4- Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no artigo 104.5 do TRLRFL se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*da base impoñible determinada con arranxo ao disposto nos apartados anteriores a este artigo, tomarase como base impoñible o importe do devandito incremento de valor.*

*Artigo 6º. Cota Tributaria*

*A cota deste imposto será a resultante de aplicar o tipo do 26 % á base impoñible.*

*Artigo 7º. Bonificación*

*Establécese unha bonificación do 50% da cota do imposto, nas transmisións de terreos e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor de descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes, cando o ben ou dereito obxecto da transmisión fose a vivenda habitual do causante á data do devengo do imposto e, polo menos, durante os dous últimos anos, o que se acreditará cun certificado de empadroamento. Igualmente para gozar desta bonificación será preciso que o sucesor manteña a adquisición durante os dous anos seguintes ó devengo deste imposto, destinando a vivenda a súa vivenda habitual. De non cumprirse este requisito de permanencia, procederá o ingreso do importe da bonificación aplicada cos correspondentes intereses de demora.*

*Esta bonificación terá carácter rogado, pudendo solicitarse dende a data do devengo ata a finalización do prazo de declaración do mesmo.*

*Aos efectos do desfrute da bonificación, equipararase ao cónxuxe a quen houbera convivido co causante, con análoga relación de afectividade, a lo menos durante un ano, e acredite a súa inscrición no rexistro de unións de parellas de feito en virtude de certificado expedido ao efecto.*

*Artigo 8º. Devengo*

*1- O imposto devindícase:*

*a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuíto, entre vivos ou por de morte, na data da transmisión.*

*b) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.*

*2- Para os efectos do disposto no apartado anterior, considerarase como data da transmisión:*

*a) Nos actos ou contratos entre vivos, a do outorgamento do documento público, e cando se trata de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun Rexistro Público, ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*b) Nas transmisións por causa de morte, a do falecemento do causante.*

*Artigo 9º. Devolucións*

*Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme ter lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que devandito acto ou contrato non lle tivese producido efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de cinco anos desde que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucións a que se refire o artigo 1295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non producise efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución declarásese por incumprimento das obrigacións do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a ningunha devolución.*

*Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimarase a aveniencia en acto de conciliación e o simple allanamento á demanda.*

*Nos actos ou contratos en que medie algunha condición, a súa cualificación farase conforme as prescricións contidas no Código Civil. Se fose suspensiva, non se liquidará o imposto ata que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria, esixirase o imposto desde logo, a reserva, cando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución segundo a regra do apartado anterior.*

*Artigo 10º. Normas de xestión*

*1- Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar, por calquera das vías oficiais de rexistro establecidas na vixente normativa, a declaración tributaria , onde se farán constar os elementos esenciais da relación tributaria para que a Administración poida practicar a liquidación tributaria correspondente. Á declaración xuntarase copia do/s documento/s no/s que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición, así coma dos documentos ou contratos nos que conste a adquisición dos terreos obxecto da declaración.*

*En particular, os interesados deberán achegar a seguinte documentación:*

*a) Copia do documento no que conste o acto/contrato que orixine o feito impoñible.*

*b) Copia do documento no que conste o título de adquisición orixinaria do terreo/inmoble que se transmite. A estes efectos, lémbrase que a escritura de obra nova/división*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*horizontal do edificio non é o título adquisitivo do inmoble, senón que se deberá aportar o documento no que se instrumente a primeira adquisición do mesmo.*

*c) No caso de que o terreo que se transmite se teña adquirido a título gratuíto, copia do modelo de liquidación do Imposto sobre Sucesións e Doazóns onde conste o valor atribuído a efectos de tal imposto na adquisición do terreo.*

*d) Copia do certificado de defunción, de últimas vontades, e do testamento, no suposto de adquisición por herdanza, así como copias dos DNI dos herdeiros.*

*e) De non constar nos documentos de adquisición ou transmisión, identificación da referencia catastral do/s ben/s obxecto de declaración.*

*f) No seu caso, solicitude de beneficios fiscais que se consideren procedentes, e acreditación documental de cumprir coas condicións que determinan a súa aplicación.*

*2- O interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor, e por tanto a non suxeición ao imposto, deberao sinalar na súa declaración, e aportar coa declaración os títulos que documenten a transmisión e a adquisición.*

*3- Dita declaración deberase presentar nos seguintes prazos dende que se produza o devengo do imposto:*

*a) Cando se trate de actos "inter vivos", o prazo será de trinta días hábiles.*

*b) Cando se trate de actos "mortis causa", o prazo será de seis meses prorrogables ata un ano a solicitude do suxeito pasivo. O dito prazo será igualmente aplicable aos negocios previstos na normativa de Dereito Civil de Galicia que se conceptúen na mesma como negocios xurídicos "mortis causa".*

*4- Estarán asi mesmo obrigados a comunicar ao Concello a realización do feito impoñible nos mesmos prazos sinalados no punto anterior:*

*a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativo de dominio a título lucrativo por negocio xurídico "inter vivos": o doante ou persoa que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.*

*b) Nas transmisións de terreos ou na constitución transmisión de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título oneroso: o adquirente ou a persoa a prol de quen se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.*

*5- Por motivos de eficiencia Administrativa non se practicarán, nin exixirán liquidacións cuxa cota líquida teña un valor igual, ou inferior a 5 €.*

*Artigo 11. Infraccións e sancións*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*1. En todo o relativo a infraccións tributarias e sancións aplicarase o réxime establecido no Título IV da Lei Xeral Tributaria, nas disposicións que a complementen e desenvolvan.*

*Disposición Derradeira*

*A presente modificación da Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial Provincial.*

A sra. Alcaldesa dálle a palabra á interventora do Concello para que explique as cuestións técnicas, en concreto os supostos nos que se da o feito impoñible e as fórmulas para o calculo do imposto.

O sr. Xurxo pregunta se hai coeficientes de ponderación e a interventora contesta que no caso no que se utilice o método de estimación directa por porcentaxes da lei e pregunta se miraron o de conxunro histórico, porque el volveu a preguntar e Camariñas non é conxunto histórico. A Alcaldesa di que lle fixo a pregunta á tesoureira e que ella dixo que ven por lei, que o Concello só di como hai que pedilo. A interventora explica que a lei non deixa modificar o que establece, esa bonificación é obrigatoria. O sr. Xurxo insiste en que Camariñas non é conxunto histórico artístico.

A Alcaldesa pon un exemplo do calculo da plusvalía.

Dona Paula toma a palabra para dicir que se eles considerán que é bo telo, que non necesitan do seu voto.

O sr. Xurxo di que hai que financiar o montante que temos, e que este imposto graba as persoas que poden comprar e non lle afecta a clase ordinaria.

Dona Paula di que a veces vendese por necesidade e a Alcaldesa di que para ela é un dos impostos mais xustos.

Non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado:

**Votacións:**

Votos a favor: 8

0 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 5

1 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta

Estado: Aprobada

**7.- Acordo provisional de delegación na deputación provincial da coruña da xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.**

A Alcaldesa explica o ditame que a continuación se transcribe:

***"PROPOSTA ALCALDÍA***

***ASUNTO:*** *Acordo provisional de delegación na Deputación Provincial da Coruña da xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.*

***EXPEDIENTE TEDEC Nº:*** *2024/G015/000001.*

*Visto que se acordou a elaboración e aprobación da ordenanza reguladora do IIVTNU, e toda vez que os medios personais administrativos do Concello de Camariñas son excasos, e tendo en conta a carga administrativa de traballo que deriva do dito imposto, vista a posibilidade legal de efectuar delegación na Deputación provincial da Coruña, proponse a adopción do seguinte* ***ACORDO****:*

***PRIMEIRO-*** *Delegar na Deputación Provincial da Coruña a seguinte competencia:*

*Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*O exercicio das competencias delegadas levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos Concellos da provincia, aprobadas pola Deputación Provincial da Coruña.*

***SEGUNDO -****Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de 30 días hábiles a partir da data de publicación, para a presentación de alegacións que serán resoltas polo Pleno do Concello. De non presentarse ningunha, este acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo".*

Non habendo debate procédese á votación co seguinte resultado:

**Votación**

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstenciones: 4

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta.

Estado: Aprobada.

**8º. Expediente de modificación de créditos 1/2024.**

A Alcaldesa explica o ditame que a continuación se transcribe



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*"EXPTE:2024/X999/000028*

***ASUNTO:RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 1/2024***

***PROPOSTA DE DITAME***

*Vista a relación de facturas pendentes de aprobación, correspondentes a servicios/obras/prestación efectuadas no exercicio 2022 e 2023, que se relacionan a continuación por un importe total de 97.383,85 €.*

*Visto que todas as facturas rexistradas no exercicio 2023 figuran na conta 413" Acredores por obrigas pendentes de aplicar ao orzamento, xa que non puideron ser aprobadas por falta de crédito adecuado e suficiente, mais se considerou que os servizos/obras/subministro tiñan carácter de imprescindible para o mantemento dun nivel mínimo de calidade de vida da poboación do municipio.*

*Visto ademais a necesidade de pagar ditas facturas toda vez que se está a incumprir o período legal de pago das mesmas, considérase prioritario a súa aprobación e pago sobre outras facturas do exercicio en curso.*

*Coa finalidade de evitar o enriquecemento inxusto do Concello de Camariñas, e acreditada a débeda contraída cos provedores sinalados, e visto o Informe de Reparo formulado pola Intervención Municipal por importe de 97.383,85€, de data 17 de xaneiro de 2024, é polo que se propón a adopción do seguinte*

*ACORDO:*

***PRIMEIRO.-****Resolver a discrepancia formulada , deixando sen efecto a suspensión na tramitación do expediente.*

***SEGUNDO.-*** *Aprobar conforme ó artigo 60.2 do RD 500/1990 e a Base nº 11 das de Execución do Orzamento Municipal prorrogado para o ano 2024, o recoñecemento extraxudicial de crédito (expte REC 1/2024) correspondente as facturas que se relacionan a continuación, por un importe total de 97.383,85€.-*

*- Facturas rexistradas no ano 2023 relacionadas a continuación por un importe total de 93.684,85 €*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWggq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Nº de Entrada | Data | Nº de Documento | Data Dto. | Importe Total | Terceiro | Nome | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *F/ 2023/868* | *24/03/2023* | *3 5* | *09/03/2023* | *684,26* | *B70176144* | *CONSTRUCCIONES CANTO CARRIL,S.L.* | *CAMION GRUA,CESTA Y BIBALBA: Horas de camión para electricista noviembre 2022* |
| *F/ 2023/869* | *24/03/2023* | *3 6* | *09/03/2023* | *94,38* | *B70176144* | *CONSTRUCCIONES CANTO CARRIL,S.L.* | *CAMION GRUA, CESTA Y BIBALBA: Llevar y recoger material de celebraciones mes de noviembre 2022* |
| *F/ 2023/870* | *24/03/2023* | *3 7* | *09/03/2023* | *121* | *B70176144* | *CONSTRUCCIONES CANTO CARRIL,S.L.* | *RETROEXCAVADORA / MANO DE OBRA//Trabajo realizado: Limpieza de piedras que tiró el mar al camino, colocación de banco en* |
| *F/ 2023/871* | *24/03/2023* | *3 8* | *09/03/2023* | *675,18* | *B70176144* | *CONSTRUCCIONES CANTO CARRIL,S.L.* | *Servicio para fontaneros por averia de agua en zona cas barometro en Camariñas mes de noviembre 2022// CAMION GRUA, CEST* |
| *F/ 2023/872* | *24/03/2023* | *3 9* | *09/03/2023* | *1942,05* | *B70176144* | *CONSTRUCCIONES CANTO CARRIL,S.L.* | *Reparación y conservación en la pista de Reira mes de noviembre 2022 zona Area Grande a subida de viviendas en Pedrosa//* |
| *F/ 2023/873* | *24/03/2023* | *3 10* | *09/03/2023* | *1129,54* | *B70176144* | *CONSTRUCCIONES CANTO CARRIL,S.L.* | *REALIZACION DE ESCOLLERA EN RIO DE AROU MES DE NOVIEMBRE 2022// CAMION GRUA CESTA Y* |



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Nº de Entrada | Data | Nº de Documento | Data Dto. | Importe Total | Terceiro | Nome | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | BIBALBA / RETROEXCAVADORA / MANO DE |
| F/ 2023/874 | 24/03/2023 | 3 11 | 09/03/2023 | 1234,2 | B70176144 | CONSTRUCCIONES CANTO CARRIL,S.L. | CAMION GRUA CESTA Y BIBALBA / MANO DE OBRA// Trabajo realizado: Horas de camión para electricista mes de diciembre 2022 |
| F/ 2023/875 | 24/03/2023 | 3 12 | 09/03/2023 | 2660,79 | B70176144 | CONSTRUCCIONES CANTO CARRIL,S.L. | EXPLANADA Y CIERRE FINCA EN STA.MARIÑAEN MES DE DICIEMBRE 2022// CAMION GRUA CESTA Y BIBALBA / RETROEXCAVADORA / MANO DE |
| F/ 2023/876 | 24/03/2023 | 3 13 | 09/03/2023 | 188,76 | B70176144 | CONSTRUCCIONES CANTO CARRIL,S.L. | CAMION GRUA CESTA Y BIBALBA // Horas de camión para ayuda en mantenimiento de depuradora mes de diciembre 2022 |
| F/ 2023/877 | 24/03/2023 | 3 14 | 09/03/2023 | 217,8 | B70176144 | CONSTRUCCIONES CANTO CARRIL,S.L. | CABALGATA DE PAPA NOEL Mes de diciembre 2022 |
| F/ 2023/1016 | 14/04/2023 | -33 | 17/08/2022 | 937,75 | 79311853X | LUIS ALBERTO RODRIGUEZ LUACES | CLASES DE IOGA NA PRAIA DE CAMARIÑAS - 6 CLASES POR SEMANA EN EL MES DE AGOSTO. / TRANSPORTE |
| F/ 2023/1115 | 23/03/2023 | 44719 | 10/03/2023 | 1320,96 | B70111166 | ELECTRONICA CARRIL, SL | EQUIPO MEGAFONIA PARA |



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Nº de Entrada | Data | Nº de Documento | Data Dto. | Importe Total | Terceiro | Nome | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | VEHICULOS (AMPLIFICADOR, ALTAVOZ, MICROFONO, SOPORTE TEITO, INVERSOR, CABLE E ALIMENTADOR) |
| F/ 2023/1177 | 21/04/2023 | 2023 21 | 21/04/2023 | 363 | B15961345 | CYMCO GALICIA | 09/06/2022. Bajada y subida de contenedores de RSU. ( Identificador del objeto facturado: CONTENEDORES RSU A PORTELA. CA |
| F/ 2023/1340 | 12/05/2023 | F 23 | 09/05/2023 | 5021,5 | 76362738R | ANTONIO PEREIRA FERNANDEZ | Levantamiento de parede en Pescaduira |
| F/ 2023/1488 | 29/05/2023 | Emit-2278 | 31/12/2022 | 1240,25 | B70575998 | SERNOVI, S.L. | Mantenimiento jardines: Camariñas, Arou, Ponte do Porto (Diciembre 2022) |
| F/ 2023/1795 | 04/07/2023 | Emit-23043 | 01/07/2023 | 7500 | B70575998 | SERNOVI, S.L. | HORMIGONADO CALLE AROU ZONA AMPLIADA HASTA RUA PRINCIPAL |
| F/ 2023/2360 | 29/08/2023 | 8 9 | 10/08/2023 | 6974,08 | B70176144 | CONSTRUCCIONES CANTO CARRIL,S.L. | REALIZACION DE MURO DE HORMIGON EN BURIA-CAMARIÑAS SEGÚN PRESUPUESTO |
| F/ 2023/2823 | 19/10/2023 | FI/ 2023/00513 | 16/10/2023 | 915,92 | B36062180 | PAZ DISMAC, S.L. | Configuración PC: 1421995 CAJA MICROATX M500 FA/500GR NEGRO COOLBOX PLACA BASE H610M H |



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| *Nº de Entrada* | *Data* | *Nº de Documento* | *Data Dto.* | *Importe Total* | *Terceiro* | *Nome* | *Texto Explicativo* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | *V2 DDR4 GIGABYTE INTEL CORE i5 12* |
| *F/ 2023/2919* | *19/10/2023* | *1* | *19/10/2023* | *1000* | *G70181797* | *GRUPO ACCION COSTEIRA COSTA DA MORTE* | *ANUALIDADE 2023, COTA SOCIO DO SECTOR PESQUEIRO DA COSTA DA MORTE* |
| *F/ 2023/2976* | *07/11/2023* | *FE23321412252754* | *05/01/2023* | *583,86* | *A08431090* | *NATURGY IBERIA, S.A* | *IMPOSTO SOBRE ELECTRICIDADE 23/11/2022 - 21/12/2022 468,89 EUR x 0,00 ( CUPS ES0390000005902361KL1P Direccion PS VILAN,9* |
| *F/ 2023/2977* | *07/11/2023* | *FE22321408755427* | *02/12/2022* | *519,9* | *A08431090* | *NATURGY IBERIA, S.A* | *IMPOSTO SOBRE ELECTRICIDADE 22/10/2022 - 22/11/2022 415,12 EUR x 0,00 ( CUPS ES0390000005902361KL1P Direccion PS VILAN,9* |
| *F/ 2023/3059* | *16/11/2023* | *1230586579* | *10/11/2023* | *50,53* | *G28029643* | *SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES* | *0003397970 CASA DE PEDRA RUA INSUELA S/N , CAMARIÑAS (SAN XURXO) 15123 REPRESENTACION 23/11/2022 AMANTIS - TAMARA CANOSA* |
| *F/ 2023/3192* | *29/11/2023* | *1856* | *31/10/2023* | *901,45* | *B15489131* | *ALQUILERES RENEYMAR, S.L.* | *ALQUILER VALLA ANTIAVALANCHA ( CORRENDO POLA COSTA ) / ALQUILER CONO* |



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Nº de Entrada | Data | Nº de Documento | Data Dto. | Importe Total | Terceiro | Nome | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | REFLECT / PORTE VOLTA / ALQUILER VALLA META / POR |
| F/ 2023/3232 | 05/12/2023 | RE23326001790152 | 09/11/2023 | 3323,02 | A08431090 | NATURGY IBERIA, S.A | Rect. FE23321416346851 / ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/01/2023 - 31/01/2023 1 UN x 6,2 EUR ( CUPS ES0390000005903559GK1P Di |
| F/ 2023/3233 | 05/12/2023 | RE23326001790151 | 09/11/2023 | 5904,45 | A08431090 | NATURGY IBERIA, S.A | Rect. FE23321412655487 / ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/12/2022 - 31/12/2022 1 UN x 6,2 EUR ( CUPS ES0390000005903559GK1P Di |
| F/ 2023/3234 | 05/12/2023 | RE23326001790153 | 09/11/2023 | 4526,27 | A08431090 | NATURGY IBERIA, S.A | Rect. FE23321420086390 / ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/02/2023 - 01/03/2023 1 UN x 5,8 EUR ( CUPS ES0390000005903559GK1P Di |
| F/ 2023/3307 | 14/12/2023 | R31000753560 | 01/12/2023 | 936,5 | A15474281 | R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A. | 881892867 Combo 1 giga NOBA / 604015063 internet móbil 500MB / 604015063 móbil empresa bono 50 minutos / 20950278 |
| F/ 2023/3312 | 17/12/2023 | 3 000295 | 30/11/2023 | 3448,32 | B70580766 | ETHICAL SERVICES FOR ANIMALS, SL | PERIODO DE FACTURACION : MES DE NOVIEMBRE / ESTANCIA |



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Nº de Entrada | Data | Nº de Documento | Data Dto. | Importe Total | Terceiro | Nome | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | DIARIA ANIMAL PERRO (XEA34-22) / ESTANCIA DIARIA ANIMAL PERRO (XE |
| F/ 2023/3316 | 18/12/2023 | 2023 7 | 20/07/2023 | 1614,76 | 76364237M | CARMEN MIÑONES MOUZO | ALQUILER BAJO COMERCIAL Y SÓTANO SITO EN LUGAR CRUCEIRO, 12 XAVIÑA ACORUÑA-MES DE JULIO 2023 |
| F/ 2023/3317 | 18/12/2023 | 2023 8 | 20/08/2023 | 1614,76 | 76364237M | CARMEN MIÑONES MOUZO | ALQUILER BAJO COMERCIAL Y SÓTANO SITO EN EL LUGAR DE CRUCEIRO, 12 DE XAVIÑA (A CORUÑA) MES DE AGOSTO 2023 |
| F/ 2023/3318 | 18/12/2023 | 2023 009 | 20/09/2023 | 1614,76 | 76364237M | CARMEN MIÑONES MOUZO | ALQUILER BAJO COMERCIAL Y SÓTANO SITO EN EL LUGAR DE CRUCEIRO 12 DE XAVIÑA (A CORUÑA) MES DE SEPTIEMBRE 2023 |
| F/ 2023/3319 | 18/12/2023 | 2023 010 | 20/10/2023 | 1614,76 | 76364237M | CARMEN MIÑONES MOUZO | ALQUILER BAJO COMERCIAL Y SÓTANO SITO EN LUGAR DE CRUCEIRO, 12 DE XAVIÑA (A CORUÑA) MES DE OCTUBRE 2023 |
| F/ 2023/3320 | 18/12/2023 | 2023 011 | 20/11/2023 | 1614,76 | 76364237M | CARMEN MIÑONES MOUZO | ALQUILER BAJO COMERCIAL Y SÓTANO SITO EN EL LUGAR CRUCEIRO, 12 |



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: RgAwauIPyWgqq4RAQ+tj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Nº de Entrada | Data | Nº de Documento | Data Dto. | Importe Total | Terceiro | Nome | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | DE XAVIÑA (A CORUÑA) MES DE NOVIEMBRE 2023 |
| F/ 2023/3369 | 20/12/2023 | 23012 | 17/11/2023 | 885 | G15520406 | CLUBE BALONMAN CAMARIÑAS | COSTE MONITOR DEPORTIVO - MES NOVIEMBRE 2023 / Factura Exenta de IVE (artigo 20-uno-13º - Lei 37/1992) |
